

SEMENTEIRA 2019
Campamento de verán Moeche

O campamento de verán Sementeira é un programa que ofrece un servizo para conciliar a vida persoal, familiar e laboral mediante actividades de carácter lúdico e educativo dirixido a nenas e nenos de 3 a 12 anos.

Sementeira ofrece un conxunto de actividades que terán como base o Pavillón polideportivo de San Ramón e saídas a diferentes puntos do concello e da comarca con actividades formativas e lúdicas: actividades na feira, na aula informática da Casa do concello, na área recreativa de Souto Grande, no castelo, na piscina, no centro cultural, pistas deportivas, patio da escola, etc.

Duración: meses de xullo e agosto.

Horarios: de luns a venres, dúas quendas:

- a) 09.00h a 14.00h
- b) 10.00h a 14.00h

As actividades desenvolveranse a partir das 10.00h. Os participantes da quenda das 09.00h. realizarán actividades de lectura e xogos na primeira hora.

Persoas destinatarias

Terán preferencia, tendo en conta a data de rexistro de entrada no Concello, respectando a seguinte orde:

1. Nenos ou nenas matriculados/as no CEIP San Ramón.
 2. Familias con algún membro empadroadado no Concello de Moeche con esta orde de preferencia: nais e pais, avoas e avós.
 3. Familias con algún dos membros con vinculación laboral no municipio.
- En cada un dos casos anterior, sempre terán preferencia as solicitudes que demanden horario madrugador, dende as 9.00h.

Prazas: ofrécense ata un máximo de 35 prazas. Na franxa horaria de 9.00h. a 10:00h. só se ofrecen 8 prazas.

Inscripción

Matrícula **do 3 ao 18 de xuño**, de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas na Casa do Concello para as prazas de xullo e para reserva de praza no mes de agosto pagando os dous meses.

Para inscribir as nenas e os nenos no Sementeira para o mes de agosto abrírase un prazo do 15 ao 24 de xullo.

Só poderán proceder ao pagamento para a praza os nenos ou nenas que estean matriculados no CEIP San Ramón e as familias que figuren empadroadas no Concello, dado que son as que teñen preferencia. Rematado o prazo de matrícula, o resto das familias que solicitasen pero non estean empadroadas no Concello de Moeche deberán efectuar o pagamento unha vez que lle confirmen a praza desde o departamento de Benestar Social e Igualdade. En función do horario de entrada, as **cotas mensuais** serán as seguintes:

	Horario de 9.00 a 14.00	Horario de 10.00 a 14.00
1º Membro	70 €	60 €
2º Irmán/irmá	60 €	50 €
3º Irmán/irmá	40 €	30 €

Moeche, 31 de maio de 2019
A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras

